
HISTORIAS EN PALABRAS

CICLO DE LIED

XOVES 5 MARZO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

FRANZ-JOSEF HELIG, BAIXO

GEROLD HUBER, PIANO

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

I.

FRANZ SCHUBERT (1797-1828)

Der Wanderer D489 [O errante]

Auf der Donau D553 [Sobre o Danubio]

Fahrt zum Hades D526 [Viaxe a Hades]

Der Tod und das Mädchen D531 [A morte e a doncela]

Prometheus D674 [Prometeo]

HUGO WOLF (1860-1903)

Grenzen der Menschheit [Os límites da humanidade]

Abendbilder, 3 Oden von Lenau [Estampas da tarde]

RUDI STEPHAN (1887-1915)

Zwei ernste Gesänge [Dúas canción solemnes]

Am Abend [Pola tarde]

Memento vivere [Lembra vivir]

II.

DMITRII SHOSTAKOVICH (1906-1975)

Suit auf Verse von Michelangelo Buonarroti, Op. 145

[Suite sobre versos de Michelangelo Buonarroti]

FRANZ-JOSEF SELIG

BAIXO

Franz-Josef Selig é un dos cantantes máis recoñecidos a nivel internacional para papeis de baixo dramático como Gurnemanz, o Rei Marke, Sarastro, Rocco, Osmín, Daland, Fiesco e Fasolt. Séntese como na casa en todas as grandes salas de ópera do mundo (incluíndo as Óperas Estatais de Baviera e Viena, a Scala de Milán, o Teatro Real de Madrid, as óperas de París e o Metropolitan Opera de Nova York), así como en festivais de prestixio como Bayreuth, Baden-Baden, Salzburgo e Aix-en-Provence. Traballou e continúa a traballar con recoñecidas orquestras e directores, entre eles Christian Thielemann, Sir Simon Rattle, Marek Janowski, Zubin Mehta, Semyon Bychkov, Riccardo Muti, Yannick Nézet-Séguin, Manfred Honeck, Antonio Pappano, Philippe Jordan, Daniel Harding e moitos outros.

O artista completou inicialmente os seus estudos de música sacra na Universidade de Música de Colonia antes de pasar á clase

superior de canto de Claudio Nicolai. Posteriormente formou parte durante seis anos do elenco estable do Teatro Aalto de Essen. Desde entón, Franz-Josef Selig desenvolve a súa carreira como cantante independente.

Na tempada 2025/26 o artista actúa en Xenebra como Landgraf no *Tannhäuser* de Wagner baixo a dirección de Mark Elder. Regresará á Ópera Estatal de Viena como Gurnemanz en *Parsifal* e como Daland n' *O holandés errante*. Poderase escoitar como o Rei Marke en *Tristán e Isolda* na Ópera Estatal de Hamburgo e nunha versión en concerto coa London Symphony Orchestra baixo a dirección de Antonio Pappano; en Salzburgo, na Semana Mozart, baixo a batuta de Roberto González-Monjas como Sarastro en *A frauta máxica*; e no *Réquiem* de Mozart, que tamén interpretará en Valencia baixo a dirección de Alexander Liebreich. Así mesmo, interpretará a *Missa solemnis* de

Beethoven en Boston baixo a dirección de Andris Nelsons.

Numerosas producións en CD e DVD documentan a amplitude artística deste excepcional cantante, desde a *Paixón segundo San Mateu* de Bach ata *A frauta máxica* de Mozart (Royal Opera London/Sir Colin Davis), *Don Giovanni* (Ópera Estatal de Viena/Riccardo Muti), *As vodas de Fígaro* (Festival de Salzburgo/Nikolaus Harnoncourt), *O rapto no serrallo* (Gran Teatre del Liceu Barcelona/Ivor Bolton/Christoph Loy) e *L'incoronazione di Poppea* (Gran Teatre del Liceu Barcelona/David Alden/Harry Bicket).

Gravou o papel de Gurnemanz en *Parsifal* de Wagner con Christian Thielemann (Ópera Estatal de Viena, editado por Deutsche Grammophon) e con Marek Janowski e a Orquestra Sinfónica da Radio de Berlín (Pentatone). O DVD da produción *O anel do Nibelungo* (DG, producido polo Metropolitan Opera de Nova York)

con Franz-Josef Selig como *Fasolt* recibiu o Premio Grammy á Mellor Gravación de Ópera en 2013. Publicouse tamén un DVD d'*O holandés errante* do Festival de Bayreuth (Thielemann/Gloger). Deutsche Grammophon editou gravacións d'*O rapto no serrallo* e *A frauta máxica* de Mozart dirixidas por Yannick Nézet-Séguin. No seu CD *Prometheus* (selo AVI), acompañado por Gerold Huber, combina *lieder* de Schubert, Wolf e Strauss.

GEROLD HUBER

PIANO

Gerold Huber é un pianista de marcada profundidade e a expresividade, moi solicitado como acompañante habitual de lied. Nesta labor, é convidado regularmente a festivais como a Schubertiade de Schwarzenberg, o Festival de Salzburgo, o Festival de Ópera de Múnic, o Festival de Música de Schleswig-Holstein, o Festival SWR de Schwetzingen, o Festival de Música de Rheingau e o Festival d'Aix-en-Provence, así como a salas de concertos como a Filharmonía de Colonia, a Alte Oper de Frankfurt, o Konzerthaus de Viena, o Musikverein de Viena, o Concertgebouw de Ámsterdam, o Wigmore Hall de Londres, o Lincoln Center, o Armory e o Carnegie Hall de Nova York, o Teatro da Zarzuela de Madrid, e as salas de concertos de Dortmund, Essen, Baden-Baden ou o Festspielhaus de Salzburgo.

Ademais de dous CDs en solitario con obras de Beethoven e Schumann, conta con numerosas gravacións destacadas xunto a

Christian Gerhaer, todas elas galardoadas con diversos premios. Sen excepción, os xurados salientan nas súas valoracións a colaboración conxenial e simbiótica deste dúo. A extensa discografía de Gerold Huber inclúe tamén gravacións con Günther Groissböck (Schubert en Decca), Bernarda Fink (Schubert en harmonia mundi France), Ruth Ziesak (Liszt en Berlin Classics; Haydn e Mahler/Zemlinski en Capriccio; Mendelssohn en AVI), Maximilian Schmitt en Oehms Classic (Clara e Robert Schumann / Schubert, *Die schöne Müllerin*), Christina Landshamer (Schumann e Ullmann en Oehms Classic) e Franz-Josef Selig (lieder de Schubert, Strauss e Wolf en AVI).

En setembro de 2021 publicouse a edición completa de todas as cancións de Schumann, *Alle Lieder*, un proxecto no que traballou durante moitos anos xunto a Christian Gerhaer —coprodución de Sony Classical, o Heidelberger Liedzentrum e

a Bayerischer Rundfunk—. En maio de 2023 saíu ao mercado a gravación para Sony Classical de *Das Lied von der Erde* de Gustav Mahler na versión para piano, con Piotr Beczała e Christian Gerhaer. Máis recentemente publicouse, baixo o mesmo selo, unha gravación de *lieder* de Brahms.

Gerold Huber tamén é moi demandado como profesor e imparte clases maxistras na Universidade de Yale, no Festival de Aldeburgh, no Festival de Schwetzingen e na Semana Schubert na Pierre Boulez Saal de Berlín. Desde 2013 é profesor de acompañamento de *lied* na Hochschule für Musik de Würzburg e, en marzo de 2022, recibiu —xunto con Christian Gerhaer— o nomeamento para o mesmo posto na Hochschule für Musik und Theater de Múnic.

O pianista colabora cun gran número de cantantes de prestixio internacional, entre eles Christiane

Karg, Julia Kleiter, Christina Landshamer, Anna Lucia Richter, Michael Nagy, Maximilian Schmitt, Martin Mitterrutzner, Julian Prégardien, Günther Groissböck, Georg Zeppenfeld, Tareq Nazmi e Franz-Josef Selig.

Como músico de cámara, actuou, entre outros, co Cuarteto Artemis, e colabora regularmente co Cuarteto Henschel, co trompetista Reinhold Friedrich e co violoncellista Maximilian Hornung. Como solista, dedícase principalmente ás obras de Johann Sebastian Bach, Ludwig van Beethoven, Johannes Brahms e Franz Schubert. Os seus concertos levárono á Residencia de Múnic, ao Théâtre Municipal de Romans (Francia), ao Kultursommer Kassel e ao New Zealand Festival de Wellington.

NOTAS AO PROGRAMA

HISTORIAS EN PALABRAS

Esta noite o Auditorio de Galicia presenta un novo concerto dentro do ciclo de lied que cada temporada organiza en colaboración con Amigos da Ópera de Santiago de Compostela que leva por título *Historias en palabras*. Nesta ocasión o programa estará conformado por *lieder* de Franz Schubert, Hugo Wolf, Rudi Stephan e Dimitri Shostakovich, ofrecendo así unha ampla panorámica sobre a evolución do xénero no século s. XIX e o seu posterior devir na seguinte centuria.

O lied ten as súas raíces no s. XVIII e nun principio relaciónase co concepto *Volksgeist* («espírito do pobo») impulsado por autores como Hegel, xa que inicialmente naceu como unha reivindicación da literatura e a cultura na lingua propia e tratábase de cancións sinxelas. Xa no Clasicismo, autores como Mozart, Haydn ou Beethoven farán certas incursións neste tipo de canción. Porén a época dourada e de maduración do *lied* como xénero vai ser o Romanticismo e sempre moi ligado á nova clase social emerxente: a burguesía. Este tipo interdisciplinario de creación no que compositores poñían en

música textos de grandes poetas era repertorio frecuente en reunións sociais nos domicilios privados (como as coñecidas «Schubertiadas»), os casinos ou os salóns burgueses.

O primeiro compositor ao que nos achegaremos esta noite foi sen dúbida o autor máis importante de lied romántico, tanto polo gran número de achegas (arredor dunhas 600 pezas) como polo pulo e maduración que sufriría o xénero nas súas mans –obras con distintos graos de dificultade e papel destacado do piano como creador de atmosferas–. Franz Schubert (1797-1828) medrou nun ambiente musical e iniciou a súa formación musical sendo moi pequeno en Viena con Salieri. Estudou piano, canto, violín, órgano, contrapunto e baixo cifrado, e na súa xuventude formouse para ser mestre de escola como o seu pai. Durante algúns anos exerceu esta profesión na súa cidade natal, pero logo abandonouna para focalizar a súa actividade na composición, chegando a ser un profesional independente que viviu da publicación das súas obras, especialmente para canto e para piano, sen depender do

sistema de mecenado (o que fora a tónica habitual nos músicos ata este momento). A partir de 1820 comezou a escribir obras máis extensas como música de cámara, 9 sinfonías e algunhas óperas. Schubert morreu con 31 anos a causa dunha sífilis ou probablemente do seu tratamento con mercurio. A pesar da súa corta vida legounos máis de 1000 obras. Na súa lápida no cemiterio de Viena figura a seguinte inscrición: «A música enterrou aquí un rico tesouro pero esperanzas aínda máis fermosas».

O primeiro lied, *Der Wanderer* D489 (O errante) é unha canción narrativa que combina estilos declamatorios e ariosos como nunha escena de ópera. Os temas musicais recorrentes e un esquema tonal coidadosamente planificado confiren unidade á peza. Foi publicada en 1821 pola firma Cappi e Diabelli, a primeira editorial en publicar obras de Schubert. A súa estrutura consta de tres partes principais: un recitativo inicial, logo un aria que presenta un esquema A B A (sendo a parte intermedia máis animada) e finalmente, unha coda. A tristeza, a desolación e a desesperación invaden o texto da autoría de Georg Philipp Schmidt von Lübeck. Schubert empregou a melodía principal desta peza noutra obra súa que publicou ao ano seguinte: *Fantasia do camiñante* D.760.

A continuación, *Auf der Donau* D553 (Sobre o Danubio) o primeiro dunha serie de *lieder* sobre poemas de Johann Mayrhofer, poeta austríaco e libretista amigo persoal do compositor, escritos en 1817. Neste caso o texto aborda cuestións como a fragilidade e a finitude humanas fronte á implacabilidade da natureza.

Seguidamente, outro lied con texto do mesmo escritor que o anterior, neste caso *Fahrt zum Hades* D526 (Viaxe a Hades) e composto tamén en 1817. Destaca o uso da tonalidade de Re m (moi empregada polo compositor para describir viaxes épicas) e a presenza do ritmo de tresillos no piano, que achegan un claro carácter fúnebre que nos acompaña neste camiño ao inframundo. A nivel estrutural o máis salientable é o *da capo* final coa recapitulación por parte de Schubert do primeiro verso un pouco variado na liña vocal.

Der Tod und das Mädchen D531 (A morte e a doncela) foi escrito no mesmo ano que as dúas composicións anteriores sobre un texto de Matthias Claudius, no que se expón o medo ou temor dunha doncela diante da sombra da morte que a persegue. A melodía desta canción foi empregada por Schubert no seu cuarteto homónimo. Atendendo á súa estrutura, trátase dun lied estrófico

variado binario (A-B) con catro versos dedicados á doncela e catro á morte, cun evidente cambio de rexistro vocal que detectaremos. A canción empeza e acaba cunha especie de marcha fúnebre a cargo do piano.

Pechamos o capítulo dedicado a Schubert con *Prometheus* D674, composto en 1819 e sen dúbida un dos exemplos máis coñecidos e singulares do autor. A canción baséase no longo poema homónimo de Goethe facendo corresponder sete episodios musicais diferentes para cada unha das sete estrofas do texto. Musicalmente, presenta moita liberdade tonal e unha liña vocal angulosa e de gran dificultade técnica.

O seguinte compositor do programa desta noite é Hugo Wolf (1860-1903), autor que, ao igual que Schubert, prestou especial importancia ao xénero do lied, renovando a linguaxe do mesmo a finais do s. XIX e sendo considerado o creador do lied sinfónico. Wolf naceu o 13 de marzo de 1860 en Windischgraz (Estiria), parte do Imperio Austríaco por aquel entón. Iniciouse na música da man do seu pai, estudando violín e piano e posteriormente foi enviado pola familia a Viena para estudar no conservatorio da cidade, logo de fracasar nos seus estudos de secundaria en tres centros educativos

e posto que dende moi novo mostrou grande interese pola música. Na capital austríaca entrou en contacto co mundo da ópera, volvéndose un acólito wagneriano e creando un novo círculo de amizades entre as que se incluía Gustav Mahler que foi compañeiro seu no conservatorio. Entre 1884 e 1887 dedicouse á crítica musical no dominical *Wiener Salonblatt*, onde mostrou as súas filias por Wagner e duras críticas a Brahms e Dvořák. A partir de 1887 centrouse na composición e escribiu varios ciclos de lied, incluíndo un de temática española. Ao longo da súa vida tivo importantes problemas económicos, recorrendo con frecuencia á xenerosidade de amigos e mecenas. As súas últimas contribucións ao xénero foron en 1897 sobre textos de Michelangelo cunha temática sobre a morte. Faleceu en 1903 despois dunha longa estadía nunha institución para enfermos mentais e foi enterrado no cemiterio central de Viena moi preto de Schubert e Beethoven.

En primeiro lugar, escoitaremos *Grenzen der Menschheit* (Os límites da humanidade), a última das 51 cancións que o compositor escribiu sobre textos de Goethe. Foi composto arredor de 1889 e a temática abordada é a inferioridade humana fronte a infinidade dos deuses e a natureza. A continuación, *Abendbilder 3 Oden von*

Lenau (Estampas da tarde, tres textos de Nikolas Lenau), composta en 1877. Trátase dunha obra ben orixinal, xa que Wolf une tres textos de Lenau como se dunha narración continua se tratase para evocar a atmosfera dunha paisaxe natural: a saída da lúa, unha secuencia na que se escoitan as chocas dos animais, a posta de sol, o pastoreo do gando e a presenza dos pastores. A nivel musical destaca o papel do piano e a recapitulación da sección inicial como peche da obra.

O terceiro autor no que nos deteremos nesta velada é Rudi Stephan (1887-1915), un compositor da considerada xeración perdida por mor da primeira guerra mundial (morreu na fronte con só 28 anos polo disparo dun francotirador ruso). Stephan era unha gran promesa dentro dos «protomodernistas» alemáns, os cales tiñan influencias de Strauss, Debussy e Stravinski. Debido á súa temperá morte deixou pouca obra, porén contribuíu á renovación da música xermánica arredor de 1910 de maneira revolucionaria. Algunhas das súas características máis destacadas son o emprego de nomes neutros nas súas obras –escapando de connotacións programáticas e románticas– ou a preferencia por textos sombríos para as súas cancións (consérvanse 20), coas que creou un mundo lírico moi profundo

con preferencia de temas como o anhelo da morte ou o amor sincero. Hoxe escoitamos dúas delas escritas para barítono e piano, as *Zwei ernste Gesänge* (Dúas cancións solemnes): «Am Abend» («Pola tarde», 1914) con texto de Johan Christian Günther e «Memento vivere» («Lembra vivir», 1913) sobre un poema de Friedrich Hebbel.

Pecha o programa a *Suite auf Verse von Michelangelo Buonarroti* op.145 (Suite sobre versos de Michelangelo Buonarroti) de Dmitrii Schostakovich (1906-1975). O compositor, nado en San Petersburgo en 1906 e morto en Moscova en 1975, estudou e desenvolveu a súa carreira dentro da Unión Soviética, mantendo unha relación de ambivalencia co réxime comunista, xa que recibiu cargos e honras importantes (secretario da Unión de compositores, deputado do *Soviet Supremo*), á vez que sufriu represión e chamadas á orde, chegando incluso a temer pola súa vida. Estudou no Conservatorio de San Petersburgo piano con Nikolaiev e composición con Steinberg e dende moi novo mostrou un talento extraordinario que desenvolveu de forma temperá. En 1937 foi nomeado profesor do Conservatorio de Leningrado e despois, a partir de 1943, do de Moscova. Posteriormente, e debido ao famoso decreto de

Zhdanov, sofre importantes ataques por parte do goberno ruso, ao igual que o outro gran compositor do momento, Prokofiev, véndose obrigado a compoñer bandas sonoras patrióticas e panexíricos. A pesar destas constantes presións ás que o sometía o réxime ditatorial e ás ameazas de censura política, Shostakovich foi quen de producir música dun gran valor e interese. Dentro do seu catálogo, no que dá mostras de influencias de autores como Mahler, Chaikowski, Borodin ou Glazunov, destacan: quince sinfonías, seis concertos, quince cuartetos e óperas como *O nariz* ou *Lady Macbeth*.

A *Suite sobre versos de Michelangelo Buonarroti* Op. 145 foi concibida para conmemorar o 500 aniversario do nacemento do artista en 1975, aínda que a compuxo un ano antes. Escrita orixinalmente para voz e piano, o propio compositor orquestrouna posteriormente por petición de Khachaturian, chegando a considerala como a súa décimo sexta sinfonía. Trátase dunha das últimas obras do seu catálogo, xa que morreu ao ano seguinte despois de sufrir diferentes doenzas: poliomielite, cancro de pulmón con metástase e un par de infartos. Seguramente non é casual a escolla destes textos de Michelangelo —en tradución rusa de Avram Efros— (oito sonetos, un

madrigal, un epigrama e un epitafio) nos que se abordan cuestións como a moral, o amor, o ben e o mal, a vida, a morte ou a fragilidade humana que ocuparían a mente do músico nos últimos meses da súa vida. A obra está estruturada así en once movementos que se agrupan en bloques: unha introdución («Verdades»); un tríptico no que se exalta o amor («Mañá», «Amor», «Separación»); unha sección contrastante coa anterior («Odio»); un díptico no que se aborda a relación entre o artista e o poder («Dante» e «Ao exilio»); outro díptico sobre as ledicia e as limitacións da inspiración («Traballo creativo» e «Noite»); unha sección de recapitulación («Morte») e un epílogo («Inmortalidade»).

En suma: un singular programa, con clásicos e obras menos frecuentes que nos invita á reflexión sobre as preocupacións humanas, un tema sempre de actualidade.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMOS CONCERTOS

SON SALVAXE! CONCERTO FAMILIAR

SÁBADO 14 MARZO (3€)

Auditorio de Galicia, 18.00h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

La Maquiné, compañía de teatro

José López-Montes, director musical

RETRATO DA NATUREZA

XOVES 19 MARZO (18€)

Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora

- Jean-Philippe Rameau: Suite da ópera Naïs
- Jean-Marie Leclair: Concerto para violín en La menor núm. 5
- Georg Muffat: Concerto grosso núm. 12 en Sol maior
- Justin Heinrich Knecht: Sinfonía Pastoral en Sol maior

Preconcerto EAEM:

Carmen Bajo, frauta; Ana Lucía Pérez, óboe; Antonio Martín, clarinete; Esteban García, fagot; Alberto López, trompa; André Filipe Coutinho, trompeta; Lola Olmo, percusión; Catarina Barbosa, Marie Esther Cooper, Elena Rodríguez e Lia Theotonio, violíns; Inmaculada Muedra, viola; J. Nicolás Casamayor e Nicolás Concheiro, violoncellos; Nicolás García, contrabaixo.

Amandine Beyer, directora

Oliver Foures, bailarín e coreógrafo

· Obras de J.-Ph. Rameau, A. Vivaldi, J. D. Heinichen, J. G. Pisendel, T. Albinoni e danzas venecianas.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMONÍA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



Compostela
Cultura



AdOC
Antigos dos Operarios
de Compostela